

5. A poesía lírica

5.1. Orixe e evolución do xénero

A poesía lírica pódese definir moi ben por contraposición á poesía épica:

- fronte á longa extensión dos poemas épicos, os líricos son, polo xeral, breves.
- non son narrativos: non contan, como fai a épica, unha historia, senón que son, máis ben, a expresión do eu lírico, a manifestación dos sentimentos do poeta (amor, dor, tristura, etc.).
- a diferenza do poeta épico, que procura plasmar os valores colectivos encarnados nun heroe, o lírico expresa a súa individualidade e quere que o lector comprenda o que sente a súa alma e por que o sente.
- fronte ao uso dun único verso (o hexámetro) na épica, a lírica presenta unha gran variedade métrica.

O que si comparten lírica e épica é a súa orixe. Tanto a unha como a outra proceden da tradición literaria grega. A lírica romana provén en liña directa, tanto no que atinxe os temas como os tipos de verso empregados, da lírica grega. O mesmo nome do xénero, a palabra “lírica”, deriva do termo grego “lira”, un instrumento musical de corda que utilizaban os gregos para acompañar os poemas con música. Hai que ter moi en conta que a poesía lírica naceu en Grecia no s. VII a. C. como unha manifestación oral e musical, aínda que máis tarde, co paso do tempo e coa difusión da escrita, o costume sería poñela por escrito. De feito, en Roma, malia celebrárense en calquera época recitais poéticos, adoitábase escribila.

Para rematar, cómpre sinalar que, de compararmos coa épica ou co teatro, a lírica aparece en Roma como un xénero tardío, pois non é ata o s. I a. C. cando xorden os primeiros poetas líricos romanos.

5.2. Catulo (ca. 87-54 a. C.): unha *rara avis*

Da vida de Gaio Valerio Catulo apenas sabemos nada. Ademais, del só conservamos pouco máis de cen poemas, moi sorprendentes dentro da literatura romana: a maioría deles son moi breves e teñen un contido vivo e directo, moitas veces de tema erótico.

A brevidade desas composicións explicase pola militancia poética do autor: pertencía ós *neotéricos* ou *poetae novi*, unha especie de club de poetas que renegaba da poesía épica (grandes fazañas, grandes obras). Os neotéricos pensaban que un creador literario debía celebrar, a través dunha grande erudición literaria, a beleza da vida, polo que aceptan como tema todo tipo de vivencias persoais. E, como toda literatura romana se remite a un antecedente grego, estes autores teñen como referente os denominados *líricos gregos*.

En Catulo todo isto maniféstase con forza no que os estudosos teñen chamado “ciclo de Lesbia”: un conxunto de poemas nos que o “eu poético” canta o seu amor e/ou odio cara a unha figura feminina, invocada como Lesbia, e que algúns críticos e historiadores teñen identificado cunha muller da alta sociedade romana, Clodia Pulcher.

O certo é que da lectura de Catulo se desprenden unha serie de imaxes: a dun home apaixonado, disfrutador da vida, moi amante dos seus seres queridos ó tempo que moi ferinte con aqueles ós que despreza. Por iso mesmo, unha *rara avis* na literatura antiga.



Se queres escoitar os poemas de Catulo con música composta por Carl Orff, escanea o código QR desta páxina.

5.3. Horacio (65-8 a. C.): un poeta áulico



Horacio naceu o 8 de decembro do ano 65 en Venusia, unha vila do sur de Italia. O seu pai viu no rapaz signos de intelixencia, e marchou para Roma con el, pois quería darlle a mellor formación posible. Xa na capital, Horacio coñece as obras dos clásicos da época, a maior parte deles gregos. Na adolescencia, o futuro poeta viaxa a Atenas para completar a súa formación, como fixeron moitos escritores e intelectuais do momento.

Durante a guerra civil posterior ó asasinato de César, Horacio alístase no exército de Bruto e Casio, os cabezas da conspiración que acabara co ditador. Logo da derrota fronte ó triunvirato de Octavio, Antonio e Lépido, Horacio e a súa familia foron declarados proscritos e privados das súas propiedades. Para subsistir, cos poucos aforros que lle quedaban Horacio fíxose cun posto de traballo na administración de Facenda. Con esta tranquilidade, empeza a escribir e publicar poemas, que chegan a Virxilio, Vario e outros membros do círculo de Mecenas, conselleiro cultural de Octavio Augusto. Este acolleuno como un novo valor literario e regaloulle unha finca preto de Roma.

Estamos entre os anos 35 e 30, época na que ven a luz os dous primeiros poemarios de Horacio: as *Sátiras* (*Sermones*) e os *Épodos* (*Iambi*), dedicados a Mecenas. Son unha aproximación a un xénero, o da sátira (entendida como crítica social), que os romanos consideraban o único que non copiaran dos gregos.

Integrado xa de cheo no ambiente próximo a Augusto e Mecenas, Horacio disfrutou durante a década dos 20 dunha gran consideración, mesmo pública, o cal el agradecía, xa que gustaba da fama e dos honores. No ano 23, publica unha nova obra: as *Odas* (*Carmina*), onde pretendeu seguir a estela dos poetas líricos gregos arcaicos. Estas son composicións cargadas de reflexións sobre o significado da vida, da morte, tratados ademais cunha erudición mitolóxica moi grande; ademais, mesmo en Grecia xa estaban bastante esquecidos Anacreonte ou Píndaro, os seus referentes. Todo isto explica a fría acollida que tiveron as *Odas*.

De inmediato, Horacio quere volver pisar un terreo coñecido por el e os seus lectores, e decide regresar ós temas das *Sátiras* e os *Épodos*; tamén opta agora por unha maior simplicidade na súa linguaxe literaria. Esta é a raíz das *Epístolas* (*Epistulae*), dous conxuntos de poemas con forma de carta, entre os que destaca a coñecida como *Ars poetica* ou *Epistula ad Pisones*: nela Horacio dá unha serie de preceptos a todos os que desexen dedicarse á composición literaria, polo que constitúe unha fonte interesante para coñecer os conceptos antigos sobre esta arte.

Non obstante, o poeta nunca recuperou a fama lograda coas dúas primeiras obras, co que decidiu levar unha vida tranquila entre as súas posesións materiais, apenas interrompida pola elaboración do *Carmen saeculare*, un longo poema dedicado a Augusto e de forte contido patriótico, recitado no ano 17 durante unhas celebracións coas que o gobernante romano quixo simbolizar a entrada nunha nova época de paz e prosperidade.

O tratamento que a posteridade deu a esta figura non foi tan extenso como o que recibiu Virxilio. Tivo sempre éxito entre círculos máis elitistas. Xa na Idade Media e no Renacemento, a *Ars poetica* foi moi coñecida entre os autores literarios, que tiñan en conta os seus preceptos.

Lectura: O “ciclo de Lesbia” nos poemas de Catulo

II

Passer, deliciae meae puellae,
quicum ludere, quem in sinu tenere,
cui primum digitum dare appetenti
et acris solet incitare morsus,
cum desiderio meo nitenti
carum nescio quid lubet iocari,
et solaciolum sui doloris,
credo, ut tum gravis acquiescat ardor:
tecum ludere sicut ipsa possem
et tristis animi levare curas.

III

Lugete, o Veneres Cupidinesque,
et quantum est hominum venustiorum:
passer mortuus est meae puellae,
passer, deliciae meae puellae,
quem plus oculis suis amabat.
Nam mellitus erat suamque norat
ipsam tam bene quam puella matrem,
nec sese a gremio illius movebat,
sed circumsiliens modo huc modo illuc
ad solam dominam usque pipiabat;
qui nunc it per iter tenebricosum
illud, unde negant redire quemquam.
At vobis male sit, malae tenebrae
Orci, quae omnia bella devoratis:
tam bellum mihi passerem abstulistis.
O factum male! O miselle passer!
Tua nunc opera meae puellae
flendo turgiduli rubent ocelli.

V

Vivamus, mea Lesbia, atque amemus,
rumoresque senum severiorum
omnes unius aestimemus assis!
Soles occidere et redire possunt:
nobis cum semel occidit brevis lux,
nox est perpetua dormienda.
Da mi basia mille, deinde centum,
dein mille altera, dein secunda centum,
deinde usque altera mille, deinde centum.
Dein, cum milia multa fecerimus,
conturbabimus illa, ne sciamus,
aut ne quis malus invidere possit,
cum tantum sciat esse basiorum.

VII

Quaeris, quot mihi basiationes
tuae, Lesbia, sint satis superque.
Quam magnus numerus Libyssae harenae
lasarpiciferis iacet Cyrenis
oraclum Iovis inter aestuosi
et Batti veteris sacrum sepulcrum;
aut quam sidera multa, cum tacet nox,
furtivos hominum vident amores:
tam te basia multa basiare
vesano satis et super Catullo est,
quae nec pernumerare curiosi
possint nec mala fascinare lingua.

VIII

Miser Catulle, desinas ineptire,
et quod vides perisse perditum ducas.
Fulsere quondam candidi tibi soles,
cvm ventitabas quo puella ducebat
amata nobis quantum amabitur nulla.
Ibi illa multa cum iocosa fiebant,
quae tu volebas nec puella nolebat,
fulsere vere candidi tibi soles.
Nunc iam illa non volt: tu quoque inpotens noli,
nec quae fugit sectare, nec miser vive,
sed obstinata mente perfer, obdura.
Vale, puella. iam Catullus obdurat,
nec te requiret nec rogabit invitam.
At tu dolebis, cum rogaberis nulla.
Scelesta, vae te, quae tibi manet vita?
Quis nunc te adibit? Cui videberis bella?
Quem nunc amabis? Cuius esse diceris?
Quem basiabis? Cui labella mordebis?
At tu Catulle, destinatus obdura.

XI

Furi et Aureli, comites Catulli,
sive in extremos penetrahit Indos,
litus ut longe resonante Eoa
tunditur unda,
sive in Hyrcanos Arabasve molles,
seu Sagas sagittiferos Parthos,
sive quae septemgeminis colorat
aequora Nilus,
sive trans altas gradietur Alpes,
Caesaris visens monimenta magni,
Gallicum Rhenum horribile aequor ulti-
mosque Britannos,
omnia haec, quaecumque fere voluntas
caelitum, temptare simul parati,
pauca nuntiate meae puellae
non bona dicta.
Cum suis vivat valeatque moechis,
quos simul complexa tenet trecentos,
nullum amans vere, sed identidem omnium
ilia rumpens;
nec meum prespiciat, ut amet, amorem,
qui illius culpa cecidit velut prati
ultimi flos, praetereunte postquam
tactus aratro est

XVI

Pedicabo ego vos et irrumabo,
Aureli Pathice et cinaede Furi,
qui me ex versiculis meis putastis,
quod sunt molliculi, parum pudicum.
Nam castum esse decet pium poetam
ipsum, versiculos nihil necesse est;
qui tum denique habent salem ac leporem,
si sunt molliculi ac parum pudici,
et quod pruriant incitare possunt,
non dico pueris, sed his pilosis
qui duros nequeunt movere lumbos.
Vos, quod milia multa basiorum
legistis, male me marem putatis?
Pedicabo ego vos et irrumabo.

XXXII

Amabo, mea dulcis Ipsitilla,
meae deliciae, mei lepores,
iube ad te veniam meridiatum.
Et si iusseris, illud adiuvato,
ne quis liminis obseret tabellam,
neu tibi lubeat foras abire,
sed domi maneat paresque nobis
novem continuas fututiones.
Verum si quid ages, statim iubeto:
nam pransus iaceo et satur supinus
pertundo tunicam et palliumque.

LI

Ille mi par esse deo videtur,
ille, si fas est, superare divos,
qui sedens adversus identidem te
spectat et audit
dulce ridentem, misero quod omnis
eripit sensus mihi: nam simul te,
Lesbia, aspexi, nihil est super mi.
Lingua sed torpet, tenuis sub artus
flamma demanat, sonitu suo
tintinant aures, gemina teguntur
lumina nocte.
Otium, Catulle, tibi molestum est:
otio exsultas nimiumque gestis:
otium et reges prius et beatas
perdidit urbes.

LVIII

Caeli, Lesbia nostra, Lesbia illa,
illa Lesbia, quam Catullus unam
plus quem se atque suos amavit omnes,
nunc in quadriuiis et angiporis
glubit magnanimi Remi nepotes.

LXX

Nulli se dicit mulier mea nubere malle
quam mihi, non si se Iuppiter ipse petat.
Dicit: sed mulier cupido quod dicit amanti,
in vento et rapida scribere oportet aqua.

LXXII

Dicebas quondam solum te nosse Catullum,
Lesbia, nec prae me velle tenere Iovem.
Dilexi tum te non tantum ut vulgus amicam,
sed pater ut gnatos diligit et generos.
Nunc te cognovi: quare etsi impensius uror,
multo mi tamen es vilior et levior.
Qui potis est, inquis? Quod amantem iniuria talis
cogit amare magis, sed bene velle minus.

LXXV

Huc est mens deducta tua mea, Lesbia, culpa
atque ita se officio perdidit ipsa suo,
ut iam nec bene velle queat tibi, si optima fias,
nec desistere amare, omnia si facias.

LXXXV

Odi et amo. Quare id faciam, fortasse requiris
Nescio, sed fieri sentio et excrucior.

LXXXVI

Quintia formosa est multis. Mihi candida, longa,
recta est: haec ego sic singula confiteor.
Totum illul formosa nego: nam nulla venustas,
nulla in tam magno est corpore mica salis.
Lesbia formosa est, quae cum pulcerrima tota est,
tum omnibus una omnis surripuit Veneres.

LXXXVII

Nulla potest mulier tantum se dicere amatam
vere, quantum a me Lesbia amata mea est.
Nulla fides ullo fuit umquam foedere tanta,
quanta in amore tuo ex parte reperta mea est.

CIX

Iucundum, mea vita, mihi proponis amorem
hunc nostrum inter nos perpetuumque fore.
Di magni, facite ut vere promittere possit,
atque id sincere dicat et ex animo,
ut liceat nobis tota perducere vita
aeternum hoc sanctae foedus amicitiae

Noutro tempo dicías que a ti só che coñecía
 Catulo,
 Lesbia, e non querías posuír nin a Xúpiter
 antes que a min.
 Eu ameite, non só como a maioría da xente
 ama á súa moza,
 senón mesmo como un pai ama ós seus fillos
 e xenros.
 Xa te dei coñecido: por iso, aínda que estou
 ardendo ata o máis fondo,
 ós meus ollos es do máis vil e rastreiro.
 Como pode ser?, preguntaste. Porque a
 un namorado semellante inxuria
 obrígaos a estar máis namorado, pero tamén
 a sentir menos aprecio.

Por favor, miña doce Ipsitila,
 miña ledicia, miña diversión:
 mándame chamar ó mediodía.
 Se me mandas chamar, acórdate
 de non poñerlle o fecho á porta
 e non vaías marchar por aí;
 máis ben queda na casa e disponte
 para me botar nove foguetes seguidos.
 Se estás disposta, mándame chamar de
 contado:
 pois acabo de meterme na cama ó rematar
 de comer e,
 farto de comida, estou que furo a túnica e o
 manto.

Furio e Aurelio, compañeiros de Catulo
 tanto se se adentra na afastada terra dos
 indios,
 onde a costa é golpeada polas ondas
 resoantes do este,
 como na dos hircanos ou dos suaves
 árabes,
 ou na dos persas, lanzadores de frechas,
 ou nas que tingue o Nilo, de sete brazos;
 ou como se atravesa os altos Alpes
 para ver as pegadas do gran César,
 o Rhin na Galia, o pavoroso mar e os
 britanos, que están no confín;
 vós, dispostos a afrontar todo isto, sexa cal
 fose a vontade dos deuses,
 anunciádelle á miña moza unhas
 poucas palabras, e non boas:
 que viva e se goce cos seus amantuchos,
 dos que abraza ata a trescentos,
 sen amar de verdade a ningún,
 senón rompéndolles os cadrís a todos e
 cada un deles;
 que non respecte. como antes, o meu amor
 que, pola súa falta, caeu como a derradeira
 flor do prado despois de pasar por riba dela
 o arado.

Celio, a nosa Lesbia, aquela Lesbia,
 aquela Lesbia, a cal foi a única
 que Catulo amou máis que a si mesmo e a
 todos os seus,
 agora nas rúas de mala morte e nos portais
 tírase a todos os habitantes de Roma.

Paxaro, ledicia da miña moza,
 co que ela adoita xogar, ó que adoita ter no
 seu seo,
 achegarlle o seu polgar cando llo pide
 e provocar as súas agudas picadas.
 Gústalle gastarlle non sei que simpáticas
 bromas
 ó meu esforzado desexo;
 e é o compañeiríño da súa dor
 para, iso creo, amornarlle a súa forte
 paixón:
 Oxalá puidese xogar contigo igual que con
 ela
 e aleviar as tristes coitas do meu espírito!

Enloitádevos, Venus e Cupidos,
 e tamén todos os seres fermosos:
 o paxaro da miña moza morreu;
 o paxaro, ledicia da miña moza,
 ó que amaba máis que ós seus ollos.
 Pois era doce como o mel e coñecía á súa
 dona ran ben como unha nena á súa nai,
 e non se afastaba do seu colo,
 senón que dando pequenos brincos acó e
 aló,
 nada máis que lle piaba á súa ama;
 el agora camiña polo camiño das tebras
 aquel, de onde disque ninguén volta.
 Ah!, mal de ollo para vós, malfadadas tebras
 do Orco, que engulides todo o fermoso:
 levástesme aquel paxaro tan fermoso.
 Ah desgraza! Ah desgraciado paxariño!
 Pola túa causa agora os inchadiños
 ollos da miña moza póñense vermellos co
 pranto.

Ningunha muller pode dicir que foi tan
 amada
 en realidade como a miña Lesbia foi amada
 por min.
 Nunca houbo en pacto ningún tan grande
 lealdade
 coma ti atopaches no amor que eu che dei.

Heivos dar polo cu e habédesma mamar,
 Aurelio chapero e maricón Furio,
 vós que me xulgastes pouco virtuoso
 polos meus poemas, pois son así como
 delicados.
 Pois o que debe ser recitado é o propio
 poeta, pero en absoluto os seus poemas;
 pois estes teñen sal e pementa
 se son así como delicados e pouco
 virtuosos,
 e de xeito tal que poidan provocarlles
 morbo,
 non ós rapaces, senón a eses homes
 peludos
 que non poden nin menear os seus pesados
 lombos.
 Vós, que vistes en verso os meus miles de
 bicos,
 xulgástesme pouco macho?
 Heivos dar polo cu e habédesma mamar.

Ata este punto, Lesbia, chegou a miña alma
pola túa culpa,
e de tal xeito se botou a perder ela mesma
no seu empeño,
que xa non te pode ter aprecio, aínda que
agora te convirtas na mellor,
nin tampouco deixar de amarte, aínda que
me fagas todos os males.

Vivamos, Lesbia, miña nena, e amémonos,
e ás faladurías dos vellos carcamais non lles
deamos máis valor que un patacón!

O sol é quen de poñerse e volver a saír:
mais cando a nosa breve luz se apague
non nos quedará máis que durmir unha
eterna noite.

Dáme mil bicos, e logo cen.
e logo outros mil, e logo de novo cen,
e logo outros mil máis, e logo cen.
Logo, cando xa levemos moitos miles de
bicos enriba,
perderemos a conta, para non sabela,
ou para que ningún mal ideado nos poida
botar mal de ollo,
cando saiba que existe no mundo tal
cantidade de bicos.

A miña muller di que non quereda casar con
ninguén máis ca min, aínda que llo pedise o
mesmo Xúpiter: mais o que unha muller lle di
ó seu encendido amante, cómpre escribilo
no vento e na rápida auga

El ós meus ollos parece talmente un deus;
el, se é posible, ós meus ollos supera ós
deuses.

Pois cando, sentado xusto en fronte de ti,
te mira e te escoita,
faite rir con dozura, e faime perder,
desgraciado de min, tódolos sentidos: pois
desde o momento
que te vin, Lesbia, non fago bo de min.
A lingua tropézame, unha leve chama
métese por entre todas as miñas
articulacións, nas orellas
percibo un tintineo, os meus dous ollos
vense cubertos pola escuridade da noite.

O ocio, Catulo, prexudícate:
co ocio poste a brincar e a saltar máis do
conveniente.

O ocio xa antes de agora botou abaixo
tanto reis coma prósperas cidades.

Pregúntasme cantos bicos teus,
Lesbia, serían para min máis que abondos:
tantos como o número das areas de Libia,
que se estenden por Cirene, rica en coñiño,
entre o oráculo do tórrido Xúpiter
e a sagrada tumba do vello Bato;
ou tantos como as moitas estrelas que,
cando cala a noite, ven os amores furtivos
das persoas.

Bicarte tantos bicos sería máis que
abondo para o tolo Catulo,
para que os curiosos non poidan contalos
nin maldicilos as malas linguas.

Para moitos, Quintia é fermosa. Para min é
branca, alta, elegante: concedo punto por
punto isto. Mais digo que todo iso non a fai
fermosa: pois non hai beleza ningunha, nin
un gran de gracia hai nese corpo tan
grande. Lesbia si é fermosa,
pois non só é absolutamente preciosa,
senón que lle roubou todos os atractivos a
todas as mulleres.

Proposme, miña vida, que este amor entre
nós sexa amable e perpetuo.
Grandes deuses, facede que ela o prometa
de verdade, e que o diga con sinceridade e
co corazón, para poderemos estender á vida
enteira este eterno pacto de sagrada
alianza.

Desgraciado de ti, Catulo, deixa de facer o
parvo,
e o que ves xa morto dáo por perdido.
Xa pasou o tempo no que o sol brillaba para
ti,
cando ías e viñas por onde te levaba a túa
moza,
amada por ti como nunca ningunha outra
será amada.

Daquela pasaban moitas cousas alegres,
que ti desexabas e ás que a túa moza non se
negaba;

de certo, xa pasou o tempo no que o sol
brillaba para ti.

Agora ela xa non quere nada de ti: pois ti,
que non podes facer nada, non queiras
tampouco,

nin persigas o que foxe, nin vivas
desgraciado,
senón que, coa mente decidida, aguanta,
resiste.

Adeus, moza miña. Catulo xa é quen de
resistir,
e non te buscará nin te suplicará para que o
rexeites.

Mais ti has sufrir, cando ningunha te suplique.
Criminal, aí de ti! Que vai ser da túa vida?

Quen te irá ver? A quen lle parecerás
fermosa?

A quen amarás? A quen dirás que
pertences?

A quen bicarás? Que labios morderás?
Mais ti, Catulo, resiste o que che trouxo o
destino.

Odio e amo. Pregúntasme por que?
Non o sei, pero é o que sinto e destrózame.